

H

Hoxe é 25 de xullo. Hoxe é o Día de Galicia. A identidade dun pobo non é unha cuestión unicamente de índole psicolóxica e ideolóxica, senón que, por cima de todo, é unha realidade antropolóxica.

Con certeza, as celebracións que conmemoran a existencia e a pervivencia dunha colectividade que posúe un territorio, unha historia e unha cultura propias, desenvolven unha importante función de autoafirmación como grupo humano diferenciado.

O día de Galicia débese interpretar como un rito de continuación. É o día de todos os galegos, con absoluta independencia da súa idade, xénero, condición social e orixe. Pero non só dos galegos que estamos vivos hoxe; tamén é o día dos que xa non están connosco, sexan concidadáns distinguidos (como Rosalía, Curros, Brañas, Castelao ou Carvalho Calero, a quen neste ano 2020 se lle dedicou con xusto merecemento o Día das Letras) ou trátense de xente do común que co seu labor e constante esforzo contribuíu ao crecemento e ao recoñecemento da nosa terra alén das fronteiras que delimitan a nosa localización no planisferio terrestre.

Cando digo que é o noso día estou a afirmar que é un evento de reforzamento da nosa identidade cultural, e de confirmación da nosa vontade política de sobrevivir como pobo que camiña polos vieiros da historia da man dos demais pobos, sobre todo daqueles minorizados nos seus costumes, idioma e tradicións. Coa ollada



25 DE XULLO: DÍA DE GALICIA

pousada no pasado? Si!, mais co pensamento e a acción artellando un futuro de progreso.

O 25 de xullo e o noso particular Día do Orgullo. Do orgullo de ser galegos; do orgullo de ser gallegas.

Ser galega, ser galego, é unha cuestión de conciencia e de sentimento; non depende das características físicas individuais nin do lugar de nacemento. Sentimento que é de idéntica natureza que sentirse home, que sentirse muller. Conciencia que non nos é transmitida por herdanza xenética; ao

contrario, témola que componse nós mesmos, con determinación, ao longo da toda a vida.

As institucións de Galicia, coa Xunta á fronte, en compañía e coa colaboración sinérxica das deputacións, dos concellos e, en aplicación do principio de subsidiariedade da Unión Europea, das

Entidades Locais Menores, representan a vontade popular expresada nas urnas; de aí a súa obriga legal e moral de gobernar e administrar os recursos públicos a prol do benestar económico e social da cidadanía galega.

As actuacións das institucións de Galicia deben incluír entre os

seus fins prioritarios amparar ás persoas e ás familias en situación de vulnerabilidade; manter un sistema sanitario público, universal, e de máxima calidade; modernizar o sistema educativo do país tanto na súa estrutura docente como nos seus contidos; garantir o dereito a traballar, a seguridade no traballo e unha remuneración adecuada para poder vivir sen carencias materiais; facilitar o acceso a unha vivenda digna en propiedade a quen a precise; humanizar a vida nas cidades, vilas e aldeas transformándoas en espazos sostíbeis, inclusivos e accesíbeis nos que agromen a convivencia en harmonía, o diálogo e a participación, poñendo particular atención nas necesidades dos nenos, das mulleres, da xente maior e dos discapacitados... Todas as nosas institucións asumen igualmente o cometido de impulsar, fomentar e patrocinar, sen dúbidas nin prexuízos nin pretextos, as manifestacións e producións culturais, materiais e inmateriais, que nos fan ser e sentirnos galegos.

O Día de Galicia é, asemade, o Día do Galego; é o Día da lingua que nos constitúe como individuos e nos constrúe como sociedade: ¡O que é galego, fala e escribe en galego!, ¡o que é galego ten plena competencia lingüística no idioma de seu!, como a teñen o cidadán alemán, o norteamericano, o ruso ou o chinés nas súas respectivas linguas nai.

O Día de Galicia é o momento de corresponsabilizarnos e comprometermos publicamente co noso futuro en común, fundamentado no legado milenario dos nosos devanceiros. É, de igual xeito, o momento de poñer en valor e amosar ao resto do mundo, e a nós mesmos, os alicerces que conforman o noso ser esencial, fraterno, solidario e universal.

¡Galegos, gallegas!
Neste Día Grande de Galicia, sabédeo todos:
¡Nós, somos un pobo único!
¡Nós, somos un único pobo!

Xabier Vila-Coia

■ Politólogo e escritor



A PORZELIÑA ALOJAMIENTO RURAL

Reserva ya tus estancia a partir de septiembre



- Finca de 1.100m2 totalmente cerrada
- Calefacción
- Piscina
- Barbacoa
- Acceso a internet
- Admitimos mascotas
- Alquiler íntegro

DISFRUTA DE UNA ESTANCIA INOLVIDABLE
MARY CARMEN Y MANOLO SE ENCARGARÁN
DE QUE TODO ESTÉ EN
ORDEN Y A GUSTO DEL CLIENTE

+34 658 030 914 aportelinacovelo@gmail.com

[f](https://www.facebook.com/aportelinacovelo) [i](https://www.instagram.com/aportelinacovelo) @aportelinacovelo Aldea de Arriba nº 8 A, 36873, Prado da Canda Covelo, Pontevedra, España